


FRANCISCO JAVIER PÉREZ RODRÍGUEZ

Documentación monástica medieval galega



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J.: *Documentación monástica medieval, Gallaeciae Monumenta Historica*, Consello da Cultura Galega, 2014.

[Accesible en: <http://gmh.consellodacultura.org/recursos/estudos/estudo/f/97/>]
doi.org/10.17075/gmh.004

Documentación monástica medieval galega

FRANCISCO JAVIER PÉREZ RODRÍGUEZ

**Documentación
monástica medieval
galega**



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Galicia ten fama de ser terra de mosteiros e téñense visto os monxes como protagonistas e motores da súa historia medieval. Sobrado, Oseira, San Martiño Pinario ou Santo Estevo de Ribas de Sil, cos seus imponentes edificios, virían a demostrar esa forte pegada monástica nunha terra que en boa medida foi súa, traballada por labregos foreiros que lles pagaron rendas durante séculos. Entre eses cenobios, a ducia que se integrou na orde do Císter destacaría por mor da súa boa xestión económica, que adoita ligarse a un máis estrito seguimento da regra de san Bieito.

A importancia que, tanto académica como extraacademicamente, se lles dá aos mosteiros na historia de Galicia baséase, precisamente, no obxecto deste traballo. O seu protagonismo neste reino é evidente, posto que o volume de documentación medieval monástica galega que se conserva supera, con moito, a proveniente doutras institucións, tanto laicas como eclesiásticas. Nin catedrais nin concellos poden competir en número cos diplomas chegados ata hoxe que tiveron a monxes e monxas como protagonistas e que noutrora foron conservados nos seus arquivos. Tampouco o fan as casas nobres, cunha documentación tardía que, en volume, está ben lonxe da monástica; e o mesmo pode dicirse da procedente da administración rexia: rexistros de chancelería, procesos, probas ou calquera documentación xudicial.

Os mosteiros: antigüidade, variade e volume documental

O volume documental procedente dos mosteiros é, pois, capital, para facer a Historia de Galicia en xeral e a medieval en particular. Tal número de diplomas débese á longa existencia do monacato galego, así como ao gran número de cenobios que existiu no reino. A cantidade de casas relixiosas e a duración temporal da súa existencia son dúas realidades que ter en conta á hora de analizar tanto a súa

importancia como a da súa documentación. Unha terceira variable é a diferenza que existe entre eles en cada período: mosteiros son todos, pero é evidente que hai que matizar. O venerable Samos, o urbano e compostelán Antealtares e o Celanova fundado polo bispo iriense Rosendo teñen en común unha destacada etapa alto-medieval fronte a Oseira ou Meira, grandes desde a súa fundación no século XII. Entre eles, Sobrado tivo as dúas etapas cun hiato sen vida monástica no século XI que o aproxima tanto aos primeiros como aos segundos. Lonxe de todos eles, Xubia, Albeos, Bribes, San Martiño de Grou ou os Ferreiras –de Pallares e de Pantón– tiveron unha vida talvez tan longa coma eles, pero sen a súa riqueza nin a súa fama tanto no século X como no XII ou no XV.

Á marxe diso, desde a Alta Idade Media os distintos mosteiros escribiron, conservando de mellor ou peor xeito a documentación. Hai que supor que aqueles que tiveron un maior apoio dos poderosos do seu tempo contaron cun arquivo mellor nutrido de pergameos que aqueles que dependían de nobres menos destacados. É un feito que non cambia co avance do tempo, pois a importancia e calidade dun cenobio veñen en boa medida determinadas desde a súa fundación. Neste sentido, o exemplo de San Salvador de Celanova é probablemente o máis representativo de Galicia: fundado por un bispo pertencente á máis alta aristocracia do reino, a súa dotación e o inmediato apoio por parte do clan familiar de Rosendo asegurarán a súa posición entre a elite de mosteiros galegos desde o seu nacemento no século X ata a súa desaparición no XIX.¹

Pola súa banda, Santa María de Sobrado recuperaba a vida monástica en 1142 tras uns cen anos baleiro de vida cenobítica. Os monxes brancos que, procedentes de Francia, chegaban entón ás beiras do Tambre foran chamados por don Fernando Pérez de Traba e a súa sobriña dona Urraca Vermúdez. A máis alta aristocracia galega de mediados do século XII –como en Celanova no X– é, pois, promotora da fundación e, neste caso, entregáballes aos cistercienses a parte principal do patrimonio do mosteiro que desaparecera a principios do século XI (Pallares, 1979: 108-112). Os Traba participaron tamén noutras fundacións que, porén, non chegarán a ter un destino tan brillante como Sobrado. Un dos seus mosteiros tradicionais, San Martiño de Xubia, foi entregado a Cluny en 1113; dona Lupa

¹ Sobre a súa evolución entre os séculos X e XIII, Andrade, 1997.

Pérez fundaba en 1152 San Cristovo de Dorneá; e ela mesma cos seus irmáns Fernando e Vermudo –o primeiro é o promotor de Sobrado e o segundo pai de dona Urraca Vermúdez– aparecen na renovación de Monfero de 1145.

Polo tanto, é evidente que un «nacemento nobre», isto é, auspiciado pola aristocracia de máis raizame no momento da fundación, non supón automaticamente a grandeza dun cenobio. O seu éxito depende da dotación inicial e dos apoios que posteriormente poida ter da monarquía ou da familia ou familias nobres coas que se relaciona. Así o demostran as catro casas citadas: Sobrado forma parte dos mosteiros galegos de primeira fila entre os séculos XII e XIX; Monfero pode representar unha segunda categoría, mentres que Xubia e Dorneá se integrarían nunha terceira ou, se se quere, nunha terceira e cuarta respectivamente. Como cenobio feminino, San Cristovo de Dorneá vale así mesmo como exemplo da meirande parte dos mosteiros de monxas medievais galegos, moito menos ricos e importantes que as casas masculinas.

Polo xeral, a categoría e riqueza de cada mosteiro permiten supor o volume documental que xerou, correspondendo aos maiores un número superior de diplomas que a aqueles de menor entidade. As publicacións de coleccións documentais monásticas, parciais ou completas, demostran o antedito. Así, Celanova conta cun total de 1571 documentos editados que se reparten entre o seu tomo, no que se copiaron 578 diplomas datados entre 826 e 1165 (Andrade, 1995), e os 971 documentos redactados entre os séculos XIII e XV (Vaquero, 2004). Pola súa banda, a colección diplomática de Santa María de Oseira publicada ata o momento, que chega a 1485, contén 3140 documentos². No extremo contrario pode mencionarse San Miguel de Couselo, do que se coñecen tres diplomas (Lucas, 2003: 64), ou Santa María de Lampai, con dous³, mentres que dalgún –San Martiño de Grou, San Miguel de Negradas, Santa María de Conxo– non chegou nin sequera un documento emanado ou destinado a el. A diferenza de volume documental entre distintos mosteiros pode verse reflectida na obra de Manuel Lucas

² Romaní, 1989a; Romaní, Portela, Rodríguez, Vázquez, 1993; Romaní, Otero-Piñeyro, Garrido, 2003; e Otero-Piñeyro, 2008.

³ Pérez Rodríguez, 2004: 296-297; e López Ferreiro, 1995: 164. Refírome a documentos emanados ou destinados ao mosteiro en cuestión, á marxe doutras noticias como mandas testamentarias, presenza dalgún abade, prior o monxe como testemuña en calquera acto xurídico, etc.

(1999) sobre o arquivo moderno de San Martiño Pinario, onde o autor recolle tanto documentos completos como noticias deles das distintas casas que, na reforma observante ou antes, foron anexionadas a este mosteiro compostelán. Na obra, Lucas rexesta case oitocentos diplomas de Pinario e seiscentos de Antealtares, mentres que son corenta e catro os de Dorneá e dezaioito os de Mezonzo, incluíndo nestes tanto documentos como noticias deles de época moderna.

Outra variable que se apuntou é a temporal, e a súa pegada reflíctese, por exemplo, nos casos citados de Celanova e Oseira. O primeiro documento da fundación de san Rosendo dátase en 826, mentres que o ursariense se atrasa ata 1025. En ambos os dous casos os diplomas son anteriores á creación das casas e recollen actos previos sobre propiedades que se supón que pasaron a elas por doazón ou compra; pero é evidente que o arquivo de Oseira –iniciado a mediados do XII– se conservou moito mellor que o de Celanova, nacido dous séculos antes. Neste último cenobio hai que destacar a súa pobreza documental no século XII –58 diplomas– fronte á súa riqueza nas dúas centurias anteriores –218 no X e 262 no XI– (Andrade, 1995: 987-991), condicionando a historia que del se pode facer (Andrade, 1999: 73).

Aos condicionantes anteriores hai que unir un terceiro, que é a sorte sufrida polos arquivos monásticos ao longo da súa historia, cuestión que explicaría a falla documental de Celanova no XII e que Oseira conservase moitos máis diplomas ca el. Que non todos os documentos chegaron ata hoxeponse en evidencia nos recentemente comentados rexestos de Dorneá ou Mezonzo que foron redactados en San Martiño Pinario durante época moderna –pasa tamén en Oseira, Celanova e moitos outros– e dos que non se conserva o pergameo orixinal que entón existía. Cabe, pois, supor que os mosteiros redactaron moitos máis documentos dos que se conservan na actualidade, que se perderon boa parte deles por moi diferentes razóns.

De feito, os pergameos orixinais –ou copias deles máis ou menos retocadas posteriormente– de época altomedieval son relativamente escasos. Para o espazo da actual provincia da Coruña, C. Sáez e María del Val (2003) recollen cento nove documentos entre 788 e 1085, a meirande parte procedentes de arquivos monásticos, moitos deles perdidos e moitos con problemas varios, entre os que é relativamente común a interpolación ou a falsidade. Os mosteiros altomedievais mellor coñecidos de Galicia sono grazas á confección que posteriormente se

fixo dos coñecidos como *tombos*, libros en que foi copiada a documentación para a súa conservación. Entre os feitos no mesmo Medievo cabe destacar, pola información que gardan sobre épocas anteriores a 1100, os de Samos (Lucas, 1986), Celanova (Andrade, 1995) e Sobrado (Loscertales, 1976). Entre os que conteñen documentación posterior a esa data sobresae o de Toxos Outos, máis famoso polas súas miniaturas que polos case oitocentos diplomas que foron copiados nel total ou parcialmente (Pérez Rodríguez, 2004).

San Xusto de Toxos Outos é bo exemplo para reflectir a perda documental, pois apenas se conta para facer a súa historia co citado tomo, que practicamente detén a súa información en 1284. Deste xeito, del só se coñecen doazóns, compras e cambios de propiedades, isto é, títulos de propiedade das terras ou bens adquiridos, que foi o que se asentou no cartulario. Non se sabía practicamente nada do mosteiro na Baixa Idade Media nin do xeito en que explotou as terras adquiridas ata 2002, cando X. M. Sánchez Sánchez publicou nove documentos que acabaron no arquivo persoal de Antonio López Ferreiro –sete do XIV e dous do XV–, nos que tres son arrendamentos e dous, foros. Que de Toxos Outos –como tamén de Caaveiro e Sobrado, entre os xeralmente ben documentados– non se conservase foro ningún obriga a pensar que ou ben se perderon ou ben estes mosteiros os fixeron oralmente (Ríos, 1993: 46).

Os arquivos monásticos medievais e o seu destino

Os arquivos monásticos existen desde o momento en que o mosteiro en cuestión recibía o primeiro documento. Isto non supón que ese primeiro diploma fose entregado polo seu fundador ou fundadores, pois non tivo necesariamente que pórse por escrito a primeira dotación. Como acaba de dicirse para os foros, moitos feitos de capital importancia nunca foron escritos, mesmo a fundación ou dotación orixinaria ou a concesión do couto que se presupón que recibiron todos os cenobios. É algo que se certifica doadamente neste último caso en Santa María de Xunqueira de Espadanedo: en 1227 Afonso IX ordenaba facer pescuda para que se delimitase o seu couto, que fora concedido por Fernando II, sen que se teña constancia de que este llo dese por escrito (González, 1944: doc. nº 507).

Tendo isto en conta, é evidente que moitos outros actos xurídicos –doazóns, compras– se pasaron ao pergameo desde os séculos altomedievais, como o demostran os orixinais que quedan e as copias que se fixeron nos tombos. Os documentos, como nas catedrais, teñen grande importancia e considéranse parte do tesouro da casa. Aínda que non consta, é posible que os mosteiros maiores tivesen un lugar específico onde gardalos; talvez unha versión máis antiga dos armarios con caixóns que fixeron de arquivos na época moderna, como o que pode aínda verse, por exemplo, en Santa Clara de Tordesillas. Ou talvez se gardasen do mesmo xeito que naqueles de menores dimensións e patrimonio: nunha arca, probablemente pechada cunha ou máis pechaduras. A principios do século XV, as monxas de San Xurxo de Codeseda gardaban os seus documentos na *arca das scripturas que siian tras lo altar* (Pérez Rodríguez, 1991: 85), mentres que da visita feita a Santa Cristina de Ribas de Sil en 1457 pode deducirse que era tamén na igrexa onde estaban *todos os priuilegios do dito mosteiro*, posto que se citan entre os ornamentos e os libros litúrxicos (Rodríguez Muñiz, 2010: 217). Fose en arcas, fose en caixóns, a orde en que foron copiados nos cartularios medievais demostra que, polo común, os documentos agrupábanse en función da zona xeográfica á que aludían, como pode comprobarse, por exemplo, nos tombos de Sobrado.

Estas arcas de documentos sufriron a historia dos mesmos mosteiros e, como parte do seu tesouro, estiveron sometidas a saqueos e queimas de cando en vez. Aínda que non é moi frecuente, quedan algúns testemuños destes asaltos a partir de finais do século XIII. O primeiro en que se menciona expresamente o roubo ou destrución do arquivo data de 1284, cando Sancho IV se fai eco do que lle contaron o abade e os monxes de Vilanova de Lourenzá:

... et dizen que quando Roy González de Bolaño con su padre et con sus yrmanos et con toda su compañía prenderon este abat que quebrantaron el thesoro del monesterio et levaron ende todas llas cartas del monesterio et llos privilegios que ganaran de heredamientos et de otras cosas que ganaran de muchas guisas et que avían de los apostóligos et de emperadores et de reyes et de iffantes et de obispos et de condes et de ricosomes et de fijosdalgo et de condessas et de dueñas et de otros omes muchos, clérigos et leygos, en guisa que se non podían acordar cuántas eran et de cuántas guisas... (Gaibrois, 1928: doc. nº 6).

Tamén os de Santa Comba de Naves quéixanse, en 1302, de que o infante don Felipe e a súa compañía *britaran as arcas e lleuaran ende priuyllegios e cartas e esturmentos e dineyros* (Dono, 2010: 215-217). Pergameos, papeis ou tombos puideron ser afectados polos asaltos sufridos por Caaveiro contra 1200 (Fernández, González, De Pablos, 1996-1997: docs. nº 52 e 120), Asadur en 1265 (Duro, 1973: doc. nº 11) ou Carboeiro en 1295 (Lucas, 1999: 994); e hai que ter en conta que deberon ocorrer acontecementos similares noutros mosteiros dos que non quedou memoria.

Noutros casos a perda documental non ten que ver coa violencia exercida polos cabaleiros senón pola resistencia das comunidades relixiosas ás que se sentenciou a desaparecer e que estaban en desacordo coa súa supresión. Único testemuño de tal resistencia é o inventario que o cabido de Santiago de Compostela fixo, a principios do século XV, dos bens de San Xurxo de Codeseda. A casa feminina foi suprimida en 1410 polo arcebispo xacobeo, que anxionou o seu patrimonio ao cabido; sería a supresión confirmada polo papa ese mesmo ano. Sobre as súas escrituras di o autor do repertorio que *a abadessa diz que elles* [os privilexios reais do mosteiro] *que se perderon, e outros dizen que ela que os ten ascondidos e que non os quer dar* (Pérez Rodríguez, 1999: 85). Cabe supor actitudes parecidas en todos os cenobios que terminaron deste xeito, como no comentado de Dormeá –anxionado a Pinario en 1406– ou en todos os que remataron a súa historia a finais do século XV no marco da reforma observante, tanto masculinos como femininos.

Claro que tampouco pode esquecerse a escusa que daba a abadesa de Codeseda: a incuria e consecuente perda xa non de foros ou doazóns máis ou menos xenerosas senón dos mesmos privilexios reais. Coa situación que amosan as visitas feitas polos monxes observantes de fins da Idade Media a varias casas que tiñan que reformar⁴, non é estraño que se perdesen os pergameos de toda cor e condición. A crise baixomedieval, que se abre a finais do século XIII e chega ao seu punto culminante a mediados do XIV, tras a peste negra, supuxo unha rebaixa da calidade moral no clero en xeral e probablemente provocou a desaparición de varios mosteiros –Morás, Trasouto, Calogo, Asadur– mentres que outros

⁴ Véxanse as obras de Zaragoza i Pascual citadas na bibliografía, así como outros artigos deste mesmo autor.

quedaron baleiros durante un tempo máis ou menos longo –Budiño–, o que sen dúbida supuxo a mingua dos seus arquivos, que non sempre pasaron ás entidades que recibiron o seu patrimonio ou aos monxes que volveron ocupalos. Hai, non obstante, que lembrar que tamén en épocas anteriores houbo abades e abadesas, monxes e monxas que non sempre viviron conforme ás regras e que, probablemente, descoidaron o seu arquivo. Sería o caso de varios membros da comunidade de San Martiño de Xubia no século XIII, cando os visitantes de Cluny ordenaron destituír a algún dos seus priores acusándoo, entre outras cousas, de dilapidador dos bens da casa, na que vivía tamén algún monxe homicida, á marxe da habitual incontinencia da comunidade (Montero, 1935: 32-33).

Máis ou menos en conexión con esta mala xestión do mosteiro, que presupon o desastre no seu arquivo, engádense os posibles accidentes, só documentados nun dubidoso documento de San Pedro de Rocas datado en 1007⁵. É en boa medida famoso precisamente por contar a historia do incendio da casa provocado polos nenos que estudaban na súa escola:

...et per negligentiam puerorum qui ibi in scola aduc legentes litteras legebant domus ipsa ab igne de nocte est succensa, et sic ista domo cum alio plurimo et obtimo ganato et ipsas firmitates et scripturas super ruente casu ibi sunt concrematas... (Duro, 1972: 134).

Con todo o dito, é evidente que a longa historia dos mosteiros xustifica de sobra a perda de boa parte da súa documentación. Uns cantos foron desaparecendo durante a Idade Media pero, a finais desta, a reforma observante marca unha brusca diferenza entre o monacato galego medieval e o moderno que ten claras consecuencias nos seus arquivos. Brevemente, a reforma supuxo unha drástica redución do número de cenobios no reino que afectou, en orde decrecente de intensidade, os bieitos, cistercienses e agostiños. Con monxes e monxas, a documentación monástica concéntrase en certas casas, abandona as súas antigas arcas nas noutrora igrexas conventuais. Algo se avanzou nas páxinas anteriores: os diplomas das monxas de Codeseda tiñan que ser levados á entidade que quedaba co seu patrimonio, o cabido de Santiago; de feito, os docu-

⁵ Aínda que sería necesario demostralo e non é este o lugar, considéroo falso –ou moi, moi «retocado»–, se ben se tomou como verdadeiro e sen sospeita.

mentos que na actualidade existen dese mosteiro consérvanse no arquivo capitular compostelán, na catedral xacobeá. E, do mesmo xeito, os de Santa Mariña de Asadur na de Ourense, mentres que os de Calogo e Dornéa pasaron a San Martiño Pinario, os de San Xusto de Cornado ao tamén compostelán de San Pedro de Fóra, os de San Miguel de Bóveda a San Clodio do Ribeiro e os de San Breixo das Donas –ou da Cova– a Camanzo; todos eles na Baixa Idade Media, cando os primeiros foron anexionados aos segundos tras sufrir peripecias diversas segundo o caso.

O mesmo ocorre, con maior transcendencia polo número, durante a reforma observante. Dos citados, o arquivo de San Pedro de Fóra pasou a engrosar o de San Martiño Pinario e, por suposto, nel ían os pergameos de Cornado. Sería o momento en que Celanova recibiu os dos seus antigos priorados de Rocas, Naves e Ribeira, mentres que Samos se facía cos de Ferreira de Pallares e Santo Estevo de Ribas de Sil cos de Santa Cristina e Pombeiro. O caso máis espectacular da reforma tivo lugar nas monxas bieitas, que, por desexo do reformador xeral da orde bieita, frei Rodrigo de Valencia, foron concentradas en San Paio de Antealtares. É un caso exemplar que reflicte como os destinos dos patrimonios marcaron, loxicamente, os dos correspondentes arquivos: os pergameos medievais de San Paio pasaron a Pinario, mentres que, coas monxas, a Antealtares foron chegando os diplomas dos mosteiros dos que elas –habitualmente a desgusto– viñan. Aínda na actualidade, no cenobio compostelán consérvanse a meirande parte dos diplomas medievais de Lobás, Lobios, Ramirás, Sobrado de Trives, etc., así como dalgún dos masculinos que foron anexionados (Buján, 1996). Fronte a eles, cando con algún dos patrimonios houbo algún problema, os documentos «escaparon» ao San Paio feminino: todos os de Eiré, que disputaba ás bieitas o Hospital Real de Santiago (Fernández Catón, 1972), e algún de Vilanova de Dozón, que quedou durante un tempo en mans de don Suero de Oca, abade de Oseira (Romaní e Otero-Piñeyro, 2003).

A menor supresión de mosteiros e a consecuente concentración dos cistercienses fan que, de ser o caso, este fenómeno tivese menores consecuencias; así, Meira fíxose cos escasos pergameos da súa filial feminina de Moreira e Sobrado cos diplomas e co tomo de Toxos Outos. A debilidade da reforma agostiña supuxo que a meirande parte das súas casas seguise independente salvo na diocese de Mondoñedo, onde o pequeno priorado da Colleira, en 1490, e o de Pedroso, en 1492, se

integraron en San Martiño de Mondoñedo, que, pola súa vez, foi suprimido e anexionado á catedral mindoniense en 1534 e pasaron a ela os documentos –poucos– de todos eles. Coas excepcións de Sar e Xunqueira de Ambía, o resto de casas agostiñas era de moi pequena entidade e, probablemente desde o XIV, a comunidade adoitaba ser unipersoal –o prior–, polo común non residente no lugar, o que explica a práctica inexistencia de noticias medievais sobre Breamo, Grou ou Porqueira. O mesmo pode dicirse dalgún cenobio bieito –Tenorio– que logrou escapar á reforma observante ata ben entrado o século XVI.

Arquivos actuais depositarios da documentación monástica galega

Concentrados, pois, os arquivos monásticos galegos contra 1500 por mor da reforma observante, o seguinte gran fito histórico no seu devir é, por suposto, a súa desaparición a principios do XIX. Suprimíanse entón, e por decreto laico esta vez, os cenobios que resistiran en tempos anteriores e, con eles, os seus arquivos. É a desamortización a que explica que a meirande parte dos mosteiros que na actualidade teñen restaurada a súa vida relixiosa –Samos, Oseira, Sobrado– non conserven os seus antigos documentos. Como excepcións quedan as casas, todas femininas, que conseguiron evitala ou pronto volveron aos claustros, que, en Galicia, foron dúas: o bieito San Paio de Antealtares e o cisterciense Santa María de Ferreira de Pantón.

Despois do desmantelamento dos mosteiros, o destino último que lle deu o Estado á súa documentación foi que pasase a integrar os fondos do Arquivo Histórico Nacional, creado en Madrid para ese fin. As ordes seguíronse na meirande parte de Galicia e, por iso, a maior parte dos diplomas medievais galegos están hoxe alí. É no Arquivo Histórico Nacional onde se conservan, entre outros, os tombos de Celanova, Sobrado e Toxos Outos, así como a meirande parte dos diplomas medievais⁶ dos mosteiros das provincias da Coruña, Lugo e Pontevedra. A excepción é a de Ourense. En 1940 atopáronse na catedral

⁶ Na sección de *Clero* deste arquivo consérvanse 11 930 pergameos soltos (Barreiro, 1988: 97), a maioría deles procedentes de mosteiros.

auriense 6424 pergameos –o seu actual fondo monacal– que, sen saber o porqué, non foron enviados a Madrid senón que, ao parecer, quedaron na delegación provincial de Facenda e pasaron despois á catedral. Quen fixo a selección destes pergameos tivo claro o seu criterio, que era deixar en Ourense os documentos que facían referencia ao territorio provincial. Deste xeito, a maior parte dos arquivos de Montederramo e San Clodio está hoxe no arquivo catedralicio, mentres que os de Oseira e Melón se partiron e marcharon para Madrid os que tratan de terras noutras provincias.

Que boa parte da documentación medieval que ten como obxecto a provincia de Ourense evitase o seu depósito no Arquivo Histórico Nacional ilustra ben as irregularidades con que se levou a cabo o proceso desamortizador no que se refire aos arquivos monásticos. Ese irregular destino da documentación ponse de manifesto moi claramente co tomo do mosteiro de San Xiao de Samos, un dos grandes cartularios da Historia Medieval de Galicia. Sabíase da súa existencia a través de copias e dicíase que, na desamortización, o levaría con el algún dos monxes e remataría en mans particulares. O primeiro é hipótese, pero o segundo confirmouse cando, en 1984, se ofreceu o cartulario á Universidade de Santiago, que o adquiriu (Lucas, 1986: 7-8). Sirva este exemplo, xunto aos citados pergameos de Toxos Outos que acabaron en mans de López Ferreiro, para ilustrar a dispersión documental produto da desamortización.

Os arquivos galegos, tanto públicos como privados, quedan lonxe da importancia do Arquivo Histórico Nacional e do da catedral de Ourense como depositarios de documentación medieval galega. Entre os provinciais destaca, de novo, o de Ourense, por mor dos arredor de cincocentos pergameos que forman parte da sección de clero regular do seu Arquivo Histórico Provincial (*Guía*, 2006: 172-173). O Museo de Pontevedra conserva máis de trescentos documentos procedentes de mosteiros e conventos (Miramontes, 1996: 168-249), mentres que na Fundación Penzol se garda algo máis dun cento (Barreiro, 1988: 89). O Arquivo Histórico Universitario de Santiago, xunto á capital adquisición do citado tomo de Samos, ten nos seus fondos máis de douscentos pergameos soltos (Barreiro, 1988: 53).

En virtude do comentado en liñas anteriores, as catedrais galegas –salvo a de Lugo, cuxo arquivo foi enviado ao AHN– conservan a documentación correspondente aos mosteiros que lles foron anexionados en diversas épocas. Xunto a

eles hai que destacar o Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela, onde se recolleu boa parte da documentación medieval e moderna tanto de San Martiño Pinarío –e os seus anexos tras a reforma observante– como do agostiño Santa María de Sar.

Caso especial é o do Arquivo Histórico do Reino de Galicia, na Coruña. Á marxe dos pergameos que poidan terlle chegado do mesmo xeito que ao resto de arquivos provinciais, nel consérvase a documentación xerada pola Real Audiencia de Galicia, que naceu durante o reinado dos Reis Católicos. A ela chegaban os preitos emprendidos polos mosteiros contra calquera outra persoa, colectivo ou institución, que ían acompañados da documentación pertinente, ben orixinais, ben trasladados notariais. Os seus fondos non son só importantes pola documentación medieval que conservan senón polas noticias que os preitos de época moderna poden dar sobre épocas anteriores. Por outra banda, adianto que, por mor da súa evidente transcendencia, as probas documentais que os mosteiros presentaron para defender os seus dereitos non son sempre fiables na súa veracidade.

Na mesma liña, fóra de Galicia enviáronse preitos á Real Chancelería de Valladolid, onde hoxe se conserva tamén algún pergameo medieval galego. Para os séculos medievais, en especial para o XV, tampouco pode esquecerse a documentación do Arquivo Xeral de Simancas.

Os fondos documentais dos mosteiros medievais galegos

Na documentación monástica medieval hai que distinguir entre a emanada da propia institución e aquela en que esta actúa como receptora. Neste segundo caso figuran, en primeiro lugar, as doazóns que foron feitas aos cenobios, base do seu poder económico, por desigual que este sexa entre as casas. Poden incluírse neste apartado os privilexios concedidos tanto pola monarquía –concesión de coutos, exención de peaxes e doutros impostos– como polo papa –confirmacións de bens e privilexios, os máis comúns–, así como as vendas que se fan por xentes de toda condición. A medio camiño entre as dúas categorías están os cambios de bens que os mosteiros fixeron entre eles mesmos ou con outras persoas ou institucións e avinzas por moí diferentes cuestións –acordos que substitúen xuízos ou son resultado deles, saldo de débedas, etc. Unha tipoloxía docu-

mental decotío presente nas series documentais monásticas son os testamentos, que aparecen ben completos, ben resumidos e transcriben –en traslados notariais ou nos tomos– as cláusulas específicas que benefician o cenobio en cuestión. Moi ligados a estes están as dotacións de capelas ou de aniversarios, que son en realidade doazóns concretas para unha celebración a prol da ánima do doador ou doadora e das súas familias, entregan unha serie de bens ou rendas que serán xestionadas polo mosteiro para sufragar os oficios divinos con ese fin, en principio, a perpetuidade.

Moita da documentación real que conservaron os arquivos monásticos non está dirixida aos cenobios senón que os destinatarios son os oficiais da monarquía, aos que o rei lles ordena calquera cousa en relación coa casa ou cos seus vasallos ou propiedades. Un exemplo ben ilustrativo, pois recibiron cartas deste tipo moitos mosteiros galegos, son as ordes que, en 1380, emitiu o tribunal de Medina del Campo que Xoán I instituíu para revisar o problema das encomendas laicas. Desde Medina, e revisadas previamente as queixas de monxes e monxas, o tribunal enviou as súas ordes de retirarse das encomendas aos diferentes nobres que as tiñan. A tipoloxía diplomática desta documentación é variada e pode adoptar a forma de carta, mandato, albalá, provisión, etc.

Aínda que non se conservan moitos, tamén foron dirixidos aos mosteiros distintos repartimentos de subsidios para que pagasen unha cantidade máis ou menos acorde coa importancia do seu patrimonio. Estes servizos foron impostos tanto pola monarquía como polo pontificado, que polo común permitiu cobralos ao rei. O certo é que esta documentación rara vez se conservou nos mesmos mosteiros –remisos a gardar memoria de toda carga que se lles puidese impor– senón que quedou nos doutras institucións, especialmente nas catedrais. É o caso dos *Libros* que recollen a *décima* imposta aos bens eclesiásticos que o papa lles concedeu aos Reis Católicos para sufragar a guerra de Granada na década dos oitenta do século XV e que se ten para as dioceses de Mondoñedo (Cal, 1999: doc. nº 206) e Santiago de Compostela (Vázquez Bertomeu, 2003). Consérvase, así mesmo, entre outros, o imposto por Sancho IV en 1290 (Hernández, 1993: I, 334-336).

Como entidades eclesiásticas que son, os mosteiros foron tamén recipiendarios de documentación estritamente eclesiástica. A tipoloxía máis común que aparece nos seus fondos, sobre todo na Baixa Idade Media, é o nomeamento

dun crego nun beneficio eclesiástico, habitualmente parroquial, pola autoridade pertinente –o arcediago correspondente ou o seu vigairo. Os mosteiros aparecen nestes diplomas presentando –en solitario ou con outros *herdeiros*– o crego en cuestión a esa autoridade, que confirma a elección feita para o cargo polos *herdeiros* donos da igrexa ou parte dela, a quen corresponde elixir o crego que debe servila e gozar das rendas asociadas.

Tamén son relativamente habituais as encomendas papais a un ou varios abades para que actúen como xuíces pontificios delegados en diversas causas e, nos cistercienses, o mesmo encargo por parte do Capítulo Xeral da orde. A partir de mediados do XIII, certos mosteiros recibirán dos seus bispos diocesanos a autorización para unir ao cenobio un ou varios beneficios parroquiais, que serán directamente administrados pola comunidade. Como exemplo poden citarse as incorporacións a Santo Estevo de Ribas de Sil das igrexas de San Miguel de Rosende e Santiago de Cangas, feitas pola sé de Lugo en 1246 e 1254 coa obriga, na primeira, de ser servida por un monxe e, na segunda, por un capelán nomeado polo mosteiro (Duro, 1977: 279-280 e 282-284). Aínda que pouco frecuentes, consérvanse certas intervencións no nomeamento ou confirmación dos superiores das comunidades por parte das autoridades diocesanas ou pontificias como, por exemplo, a confirmación da elección do abade de San Clodio do Ribeiro por parte da igrexa auriense en 1342 (Lucas e Lucas, 1996: 469) ou as vicisitudes para nomear abade de Santa Cristina de Ribas de Sil nos anos sesenta do século XIV (Rodríguez Muñiz, 2010: 57).

Pasando á tipoloxía documental emitida polos mosteiros destaca, con moito, o foro sobre o resto de categorías. Nacido a mediados do XII, consolídase e toma a súa forma definitiva contra 1200 (Ríos, 1993: 39-46) e a súa adaptabilidade foi tal que permanecerá como o contrato agrario máis típico de Galicia durante o resto da Idade Media e toda a Moderna, e sobrevive ata as primeiras décadas do século XX. Nel, o dono da terra –o forista– entrégalla a quen vai traballala –o foreiro, que xeralmente é un matrimonio pero que pode ser unha soa persoa ou varias– durante un tempo variable, pero sempre longo –desde unha soa xeración ata a perpetuidade, aínda que o clásico durante o Medievo serán tres *voces* ou xeracións (pais, fillo/a e neto/a)– a cambio dunha renda, que pode pagarse en especie ou diñeiro. A esta renda sobre a terra engádense as chamadas habitualmente *dereituras* ou, mesmamente, *foros*, que adoitan pagarse nunha ou dúas

festas no ano –san Martiño, san Xoán de xuño, santa María de agosto ou a festa patronal do mosteiro forista– en calidade de recoñecemento de señorío –os foreiros fanse vasalos do forista–; a dita renda varía segundo os tempos e lugares e adoita incluír a clásica galiña ou capón, ovos, cabritos ou años cunha cantidade de pan e viño ou algún pago en moeda. Nesta renda inclúese a correspondente aos bens que non figuran formalmente, na que se especifica pola terra e bens obxecto formal do contrato –cortiña, horta, *nabal*, algunha froiteira, cando se aforan casas no conxunto– e polo común engádenselle outras imposicións que ratifican a vasalaxe do ou dos foreiros, destacando entre elas a *loitosa*, obriga dun pago ao forista tras a morte do titular do foro, unha especie de taxa de recoñecemento do seu dominio sobre os bens que pasan ao herdeiro ou herdeiros. Naqueles que se fan a unha cantidade de *voces* determinada, é corrente que a renda ascenda a medida que avanza as xeracións; isto débese xeralmente a que a parella que subscribe o foro ten que acondicionar a explotación, mentres que os seus sucesores a herdan xa en pleno funcionamento, considerándoos así capacitados para pagar unha porcentaxe maior na colleita.

A ductilidade do foro permitiu o subaforamento, tipo documental que, formalmente, non se diferencia do foro salvo na súa duración. No subforo, o foreiro convértese en forista ao entregarlle o ben que tomou a outra persoa, o subforeiro; nestes casos, quen entrega a terra condiciona a temporalidade do contrato á que el ou ela mesma teñen previamente do seu forista. O fenómeno do subforo faise habitual a partir de mediados do XIV cando, pasada a crise, os mosteiros consentiron en outorgar foros que deixaban aberta esa posibilidade para recuperar terras perdidas, que escaparan ao seu control en tempos anteriores, outorgando, polo común, a cabaleiros, donas e escudeiros o conxunto de bens que tiñan nunha zona determinada para que estes se fixesen con eles. O acordo beneficiaba as dúas partes: a cambio dunha renda moderada, esta baixa nobreza reclamaba as propiedades noutroira monásticas aos campesiños que as tiñan ocupadas e obrigábanos a subscribir o foro –ou subforo– correspondente. O mosteiro recuperaba así as terras e os seus aliados obtiñan como beneficio todo o que sobra do esixido aos labregos unha vez pagada a renda comprometida cos monxes.

Xunto aos foros os mosteiros fixeron contratos doutros tipos, como arrendamentos –de prazos máis curtos–, prestimonios –xeralmente preforais, con xente de alta condición social–, encomendas, contratos de servicialía –sen estudar

aínda– e outros. Ningún deles chega de lonxe a competir en número cos foros, que conforman a medula da documentación conservada de moitos mosteiros como, por exemplo, San Pedro de Ramirás ou San Clodio do Ribeiro (Lucas e Lucas, 1988 e 1996).

Especialmente interesante para o estudo da sociedade medieval é a documentación procesual, emanada tanto das autoridades eclesiásticas como das civís. A súa tipoloxía é moi variada: notificacións, sentenzas –interlocutorias, definitivas, etc.–, cartas de procuración, de receptoría, de emprazamento, demandas... A categoría máis interesante é, sen dúbida, a pescuda, onde se toma declaración ás testemuñas achegadas polas partes. Son moi variadas en función do tema que se dirime no xuízo en curso, sendo as máis correntes as que teñen que ver con límites de herdades ou coutos. Un bo exemplo delas e da súa utilidade para estudar a sociedade e a economía da época é a feita en 1292 para demostrar a pertenza do lugar de Vilardeais ao mosteiro de Santa María de Sobrado, publicada por M.^a Carmen Pallares (1979: 313-320) e utilizada pola historiadora no seu estudo sobre este mosteiro.

Fóra dos arquivos, non pode esquecerse a importancia que teñen os testemuños textuais epigráficos, como os escritos nas paredes da igrexa de Aciveiro (Bango, 1979: 149), a dedicación do templo de Ermelo (Romaní e Otero-Piñeyro, 2005: 47) ou os existentes nas campas, capelas e monumentos funerarios que chegaron ata hoxe completos ou en fragmentos.

Problemas da documentación medieval

A comentada longa historia e os distintos avatares dos mosteiros galegos medievais e a importancia que progresivamente se lle foi dando á escrita provocará que, en certos momentos, os monxes recorresen, por distintas razóns, a copiar documentos antigos aproveitando o proceso para engadirilles certas cláusulas ou modificar outras; é o que se coñece como «interpolación» documental. Noutras ocasións certos documentos foron feitos de novo por completo adoptando, con mellor ou menor fortuna, os usos diplomáticos da época en que se data o falso diploma. O problema é complexo e, aínda que hai excepcións, as interpolacións e falsidades afectan os documentos de gran transcendencia para

o mosteiro e, por iso, rara vez estes casos sospeitosos superan cronoloxicamente o século XII. No punto de mira, tanto en Galicia como fóra dela, están sempre os documentos dos monarcas altomedievais e, no XII e no caso galego, os que saíron da chancelería de Afonso VII o *Emperador*, ao que hai que engadir todos os diplomas «fundacionais» anteriores a 1200.

É habitual nos falsos documentos que a data que presentan non coincida cos datos que figuran no diploma, saíndo da etapa cronolóxica do rei que se cita, que nela non vivían certos personaxes que aparecen como testemuñas ou que estas aparezan cuns cargos que non exercían no momento en que se supón que foi escrito o documento. Noutras ocasións demóstrase a falsidade porque se sabe por outras fontes que os bens obxecto do privilexio real ou da doazón chegaron ao poder do cenobio noutras datas –anteriores ou posteriores– ou, incluso, foron feitos a favor doutras institucións. O mellor xeito de mostrar estas afirmacións é ilustralo con exemplos.

Como mostra do último caso mencionado pode citarse a doazón que fixo Afonso VII a San Paio de Antealtares dos coutos de Campo Redondo e Razamonde o 29 de xullo de 1137 (Recuero *et al.*, 1998: 71-73; Lucas, 2001: 181-183). Xunto a outros detalles, a súa falsidade é evidente porque Santo André de Campo Redondo fora doado a Antealtares na Alta Idade Media polos condes Tello e Munia, segundo consta nunha confirmación feita ao cenobio por Afonso IX en 1228 (Lucas, 2001: 197-198). Pola súa banda, Razamonde non foi couto medieval de Antealtares senón de San Martiño Pinario (Lucas, 2003: 71). En función disto, é doado deducir cando se elaborou o falso: unha vez que os dominios dos dous mosteiros foron unidos por mor da reforma observante, cando o de Antealtares se integrou en Pinario, isto é, a partir da última década do século XV.

Aínda máis espectacular é o caso do couto de Santa María de Monfero, que conta con cinco documentos distintos, todos eles concedidos por –de novo– o *Emperador*, Afonso VII. En realidade, trátase de dous documentos diferentes, un deles datado o 15 de decembro de 1135, versionado ata catro veces⁷, e un segundo –e único– que aparece nos tombos de Sobrado e supostamente feito en 1152

⁷ Contrástanse as distintas versións en López Sangil, 1998: 114-115, López Sangil, 1999: 127-128 e Recuero Astray *et al.*, 1998: 59-60 con López Sangil, 1998: 132-134, López Sangil, 1999: 205-206 e López Sangil, 1998: 111-112.

(Loscertales, 1976: 1, 176-177). Por suposto, ningún deles é orixinal, e algúns teñen varias das contradicións comentadas anteriormente. Mentres que do existente nos tombos de Sobrado non consta fonte inspiradora ningunha, no varias veces refeito é innegable que a súa fonte foi o concedido ese mesmo 15 de decembro de 1135 a San Xusto de Toxos Outos cambiando, evidentemente, os destinatarios –a Monfero e o seu abade– e o concedido, modificáronse, así mesmo, outras cousas segundo a versión que se trate. Por se houbera dúbida, a identidade da documentación rexia de Monfero durante os reinados de Afonso VII e Fernando II coincide punto por punto coa de San Xusto, co que os falsos atinxen tamén o reinado deste último monarca. Ademais, a historia lendaria das orixes de Monfero (López Sangil, 1999: 20-21) foi calcada, en esencia, da do cenobio dos cumes que dominan a ría de Noia (Pérez Rodríguez, 2002: 15-20), que, hai que engadir, ten tamén as súas partes escuras.

Segundo se ten dito, as fundacións ou dotacións supostamente orixinarias son polo común sospeitosas de falsidade. Bo exemplo delas é o testamento de Osorio Gutiérrez, o *conde santo* que aínda hoxe se venera en Vilanova de Lourenzá. No comentado asalto ao mosteiro que conta Sancho IV en 1284, faise expresa referencia a que *entre llas quales cartas et privilegios* [roubadas ou destruídas polos asaltantes] *dizen que andavan el testamento del conde don Osoyro per cómo fundamentara este monesterio et de las donaciones que lle diera él et otros condes que vinieran después dél*, pasa a continuación a enumerar os bens doados nesas cartas (Gaibrois: doc. nº 6). É posible que o tombo de Vilanova de Lourenzá se salvase do ataque e roubo ao ser devolto ao mosteiro despois, xa que foi feito nunha data posterior a 1265 (Rodríguez e Rey, 1992: 18), e ábrese, precisa e loxicamente, co testamento de don Osorio, o cal, segundo demostrou J. Freire (1988, 2, 1033-153), foi redactado non no século X –a data que ten é 969–senón, como mínimo, a finais do XI.

Aínda máis tinta se gastou sobre a veracidade ou non do que M. Romaní chama «relato dos catro monxes» que describe a fundación de Santa María de Oseira, ligado á concesión do couto monástico por Afonso VII. En realidade, o diploma non ten como obxecto contar como naceu o cenobio senón confirmar que os *herdeiros* do lugar de Oseira están de acordo en cederllo á comunidade que vai instalarse, ou xa o está, alí. Está datado en 1137, mentres que na carta do couto figura o día de 2 de setembro de 1135. Ningún deles é orixinal senón que chegaron ata hoxe en

copias, sendo indubidable que a concesión do couto non puido ser feita no ano que expresa. As opinións son variadas e comezan pola discusión da dependencia entre os dous diplomas e cal deles foi feito primeiro⁸. Para o problema das datas, como é habitual nestes casos, recórrese a un erro do copista; copistas que, pola contra e curiosamente, non se trabucaron nin na data nin noutras cousas cando reproduciron documentos dunha transcendencia moito menor.

Certo é que, en raras ocasións, as copias de documentos antigos están evidentemente mal tanto en grandes privilexios reais como en sinxelas doazóns. O caso máis extremo é o do tomo do cenobio agostiño de San Xoán de Caaveiro, onde se contradín non só as datas que levan co monarca reinante e coas persoas que aparecen como testemuñas neles senón que é imposible concertar estas persoas, os seus cargos e as datas, o que leva á completa desesperación aos editores (Fernández, González, De Pablos, 1996-1997) e abre a posibilidade aos estudosos de elixir, entre as posibles, a data que mellor se lles acomode á teoría que queren soste co documento en cuestión. Baste un exemplo: no documento nº 177 do tomo, don Pedro Fróilaz de Traba coa súa muller, dona Guntrode *cognomento domna Maior*, doan a Caaveiro a terceira parte da *villa* de Doróña, acto que se data na era 1136, isto é, 1098, *in feria III post Palmas* para, a continuación, engadir *in tempore regine Orrace et comitis Reimundi. In sede Sancti Iacobi, episcopus Didacus*. Os editores fan unha longa e sisuda reflexión sobre a data en función dos personaxes citados para concluír que a máis probable é 1110, se ben deste xeito «descolocan» a don Raimundo de Borgoña; claro que, de «colocar» a este en datas adecuadas, lle ocorría o mesmo a Xelmírez ou a dona Guntrode; ou sexa, que pode datarse segundo a un ou a unha máis lle conveña.

Por citar algún diploma notoriamente falso que, a pesar diso, tivo singular relevo ou transcendencia, pode falarse da suposta doazón de dona Tareixa de Portugal a Montederramo dunha *rivoira sacrata* (De Azevedo, 1958-1962: 84-85), orixe da actual denominación das ribeiras lucense-ourensás do Sil. Ou a chamada «Concordia de Antealtares», subscrita por este mosteiro coa catedral xacobeá para delimitar os dereitos do primeiro no templo de Santiago por mor

⁸ En Romaní, 1989b: 21-29 a súa opinión é resumo das anteriores sobre o asunto e, posteriormente, Freire, 1998: 1055-1060.

de ceder os monxes parte do seu mosteiro para que se levantase no lugar a cabeceira románica da catedral (Gambra, 1998: 2, 126).

Antes de rematar con esta breve exposición sobre os apócrifos é preciso sinalar que, se ben os diplomas o son, é moi probable que o que neles se di fose certo. É, por exemplo, imposible pensar que quen fixo o tomo de Caaveiro inventase por completo todas as súas escrituras. Coido tamén moi posible que, malia que o documento non sexa orixinal, o «relato dos catro monxes» sexa plenamente certo, máxime cando recolle un por un os nomes dos *herdeiros* do lugar, algúns deles doadamente identificables e que viviron nesa época. E, por seguir con Oseira, cabe pensar que Afonso VII lle concedeu o couto correspondente, ben sen estender documento ningún ou, de telo feito, estaría nun perdido que foi reconstruído e mal datado no antedito. Por outra banda, e sen traer máis exemplos a aquí, o que os monxes observantes de Pinario a principios do XVI pretenden documentar no apócrifo sobre Campo Redondo e Razamonde é certo: os dous coutos lles corresponden como herdeiros do pasado medieval de San Paio e San Martiño, por máis que o diploma que elaboraron sexa rematadamente falso. E o mesmo pode dicirse do couto de Monfero: o mosteiro era o seu dono por máis que non llo concedese Afonso VII en 1135.

Breve valoración da documentación monástica medieval galega

O volume da documentación medieval procedente dos mosteiros galegos obriga a tela en conta para facer a historia deste reino. De feito, determínaa en boa medida. Basta ler cronoloxicamente a bibliografía sobre o Medioevo galego para darse de conta da súa transcendencia e do condicionamento que supón: monxes e, en moita menor medida, monxas, protagonistas desde a máis Alta Idade Media irán perdendo importancia a partir do século XII para case desaparecer despois de 1300. Ao longo do XIII, as vilas cobran unha crecente importancia xunto ás catedrais e, no XIV, é a nobreza laica quen toma o relevo aínda que sexa para criticala como provocadora da revolta irmandiña ou dos tremendos males dos mosteiros mediante a encomenda. As grandes fundacións do X, os innovadores cistercienses do XII dan paso a bispos, «burgueses» e nobres que progresivamente deixan na escuridade a unhas comunidades monásticas cada vez máis raquíticas, empobreci-

das e pecaminosas, sometidas ás exaccións duns cabaleiros rapaces e duns reis, papas e bispos que as cargan continuamente con impostos.

Ben pode ser, por suposto, pois demoítrao esa mesma bibliografía, aínda que é moi posible que haxa que matizalo á hora de comparar a documentación que ilustra cada unha das épocas ou dos seus protagonistas. Hai mosteiros moi antigos, pero a aristocracia é tan antiga –ou máis– ca eles, non obstante a documentación altomedieval que chegou ata hoxe sobre os nobres é soamente aquela que quedou nos arquivos monásticos. Unha vez que esta aristocracia se estrutura en liñaxes e dá orixe a unha verdadeira nobreza –Andrade, Sarmiento, Soutomaior, Biedma, etc.–, a unhas casas que comezan a conservar a documentación propia, no século XIV, os seus textos danlle unha posibilidade de estudo da que carecen os seus antecesores do X ou do XII. O mesmo pode dicirse da monarquía, coa diferenza de que os seus testemuños documentais empezan a abundar no século XII. A aparición, nesta mesma centuria, das vilas supón a entrada na historia do reino doutro protagonista no seu devir. A expansión da escritura e a maior diversidade na procedencia dos documentos da entrada na historia escrita a institucións e xentes que, antes caladas ou inexistentes, irán restándolles aos mosteiros ese protagonismo en Galicia.

Segundo se ten dito, a documentación medieval galega que perdura na actualidade condicionou os estudos sobre o reino, outorgándolles aos mosteiros ese lugar de privilexio que teñen na nosa historia. É nela onde, por exemplo, se documenta por primeira vez en Galicia o arado de vesó, nas terras de Santa María de Sobrado no ano 1292 (Pallares, 1979: 161-162). Sen dúbida, isto pode interpretarse como que o avance que supón o emprego deste arado nas técnicas agrícolas débese aos monxes cistercienses que xeraron o diploma en que aparece. Pero hai que ter en conta que os monxes brancos chegaron a Sobrado máis dun século antes –en 1142–, co cal, que sexa na súa documentación onde o vesó se cita por vez primeira non obriga necesariamente a concluír que foron eles os primeiros que o empregaron en Galicia.

A precocidade documental monástica determinou, pois, a historia académica e, sustentándose nesta ou en supostas tradicións, a crenza «popular» amplifica moi considerablemente o protagonismo dos monxes na historia galega. Como mostra pode pórse a seguinte afirmación: «A relación entre os mosteiros e o viño galego fíxose tan estreita que case se pode atribuír cada unha das denominacións de orixe actuais a un cenobio concreto: o Rías Baixas (máis coñecido como Albariño) ao de

Armenteira, o Rosal ao de Oia, o Ribeiro a Oseira, e así sucesivamente» (Murado, 2010: 36). A idea non é deste autor, que se fai eco das teorías que deste xeito circulan no ámbito extraacadémico da Historia. Os estudos monásticos subliñaron a importancia que estas institucións lle deron ao viño, tendo todas elas propiedades nas bisbarras adecuadas para o seu cultivo, destacando no reino o Ribeiro de Avia, onde, xunto aos cenobios nel instalados ou próximos –San Clodio, Melón, Oseira, Celanova–, chegaron a ter terras outros bastante afastados –os tres mosteiros composteláns (Pinario, Antealtares, San Pedro de Fóra), Carboeiro, Acibeiro, etc. Non cabe dúbida de que todos eles tiveron importancia nesas bisbarras, pero hai que cuestionarse se foron verdadeiramente os que impuxeron o cultivo da vide, pois poden terse atopado xa con ela unha vez que foron fundados –Oseira e Melón a mediados do XII–, aproveitando e fomentando –iso si– unha plantación de viño que pode vir de tempos antigos.

Que talvez haxa que matizar certas afirmacións tradicionais e revisar o seu protagonismo histórico non quere restar importancia nin á documentación procedente dos mosteiros nin a estes mesmos. O seu longo percorrido no tempo, o seu número, a riqueza de boa parte deles, o papel que tiveron na sociedade da época, etc. fan dos mosteiros de Galicia un dos claros protagonistas da súa Historia durante toda a Idade Media.

Bibliografía

- ANDRADE CERNADAS, J.M.: *O Tombo de Celanova*, 2 tomos, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1995.
- ANDRADE CERNADAS, J.M.: *El monacato benedictino y la sociedad de la Galicia medieval (siglos X al XIII)*, Sada, Seminario de Estudos Galegos-Edicións do Castro, 1997.
- AZEVEDO, R. PINTO DE (ed.): *Documentos medievais portugueses. Documentos régios. Vol. I: Documentos dos condes portugueses e de D. Afonso Henriques, A.D. 1095-1185*, Lisboa, Academia Portuguesa da História, 1958-1962.
- BANGO TORVISO, I.G.: *Arquitectura románica en Pontevedra*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1979.


- BARREIRO FERNÁNDEZ, X.M. (coord.): *Inventario das fontes documentais da Galicia Medieval*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1988.
- BUJÁN RODRÍGUEZ, M.M.: *Catálogo archivístico del Monasterio de Benedictinas de San Payo de Antealtares*, Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, Consorcio de Santiago, 1996.
- CAL PARDO, E.: *Colección diplomática do Arquivo da Catedral de Mondoñedo*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 1999.
- DONO LÓPEZ, P. (2010): *Colección de documentos en pergamino do mosteiro de Santa Comba de Naves. Introducción, edición e índices*, Santiago de Compostela, Facultade de Filoloxía, Departamento de Filoloxía Galega; Tese de doutoramento inédita.
- DURO PEÑA, E.: *El monasterio de San Pedro de Rocas y su Colección Documental*, Ourense, Instituto de Estudios Orensanos 'Padre Feijóo'-Deputación Provincial de Ourense, 1972.
- DURO PEÑA, E.: "El monasterio de Santa Marina de Asador", *Archivos Leoneses*, 27 (1973), 309-365.
- DURO PEÑA, E.: *El monasterio de San Esteban de Ribas de Sil*, Ourense, Deputación Provincial, 1977.
- FERNÁNDEZ CATÓN, C.: *El archivo del Hospital de los Reyes Católicos de Santiago de Compostela. Inventario de fondos*, Santiago de Compostela, Universidade, 1972.
- FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J.I.; M.T. GONZÁLEZ BALASCH e J.C. DE PABLOS RAMÍREZ: "El Tumbo de Caaveiro", *Cátedra. Revista de Estudios Eumeses*, 3 (1996), 267-437.
- FERNÁNDEZ DE VIANA Y VIEITES, J.I.; M.T. GONZÁLEZ BALASCH e J.C. DE PABLOS RAMÍREZ: "El Tumbo de Caaveiro", *Cátedra. Revista de Estudios Eumeses*, 4 (1997), 221-385.
- FREIRE CAMANIEL, J.: *El monacato gallego en la Alta Edad Media*, 2 tomos, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1998.
- GAIBROIS DE BALLESTEROS, M.: *Sancho IV de Castilla*, 3 tomos, Madrid, 1922-1928.
- GONZÁLEZ, J.: *Alfonso IX*, 2 tomos, Madrid, CSIC, Instituto Jerónimo Zurita, 1944.

- GUÍA do Arquivo Histórico Provincial de Ourense*, Ourense, Xunta de Galicia, 2006.
- HERNÁNDEZ, F.J.: *Las rentas del rey. Sociedad y fisco en el reino castellano en el siglo XIII*, 2 tomos, Madrid, Fundación Ramón Areces, 1993.
- LÓPEZ FERREIRO, A.: *Historia de la Santa A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, 11 tomos, Santiago de Compostela, Seminario Conciliar Central [1: 1893; 2: 1899; 3:1900; 4: 1901; 5: 1902; 6: 1903; 7: 1904; 8:1905].
- LÓPEZ SANGIL, J.L.: “Privilegios reales concedidos por Alfonso VII, Fernando II y Alfonso IX al monasterio de Santa María de Monfero (Años 1135 a 1213)”, *Cátedra. Revista de Estudios Eumeses*, 5 (1988), 107-146.
- LÓPEZ SANGIL, J.L.: *Historia del monasterio de Santa María de Monfero*, A Coruña, Deputación Provincial, 1999.
- LOSCERTALES DE GARCÍA DE VALDEAVELLANO, P.: *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*, 2 tomos, Madrid, Archivo Histórico Nacional, 1976.
- LUCAS ÁLVAREZ, M.: *El Tumbo de San Julián de Samos (siglos VIII-XII). Estudio introductorio. Edición diplomática. Apéndices e índices*, Santiago de Compostela, Caixa Galicia, 1986.
- LUCAS ÁLVAREZ, M.: *El archivo del monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*, 2 tomos, Sada, Seminario de Estudios Galegos-Ediciós do Castro, 1999.
- LUCAS ÁLVAREZ, M.: *San Paio de Antealtares, Soandres y Toques: tres monasterios medievales gallegos*, Sada, Seminario de Estudios Galegos-Ediciós do Castro, 2001.
- LUCAS ÁLVAREZ, M.: *El monasterio de San Martiño Pinario de Santiago de Compostela en la Edad Media*, Sada, Seminario de Estudios Galegos-Ediciós do Castro, 2003.
- LUCAS ÁLVAREZ, M. e P.P. LUCAS DOMÍNGUEZ: *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática*, Santiago de Compostela, Caixa Galicia, 1988.
- LUCAS ÁLVAREZ, M. e P.P. LUCAS DOMÍNGUEZ: *El monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos*, Sada, Seminario de Estudios Galegos-Ediciós do Castro, 1996.

- MARIÑO VEIRAS, D.: *Señorío de Santa María de Meira (De 1150 a 1525). Espacio rural, régimen de propiedad y régimen de explotación en la Galicia medieval*, A Coruña, Ediciones NOS, 1983
- MIRAMONTES CASTRO, M.: “Catálogo de la documentación medieval do Museo de Pontevedra”, *Museo de Pontevedra*, 50 (1996), 109-357.
- MONTERO DÍAZ, S.: “La colección diplomática de San Martín de Jubia”, *Boletín de la Universidad de Santiago de Compostela*, 25 (1935), 3-157.
- MURADO, M.A.: *Outra idea de Galicia*, Barcelona, Random House Mondadori, 2010; 3ª edición [1ª: 2008].
- OTERO-PIÑEYRO MASEDA, P.S.: *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense), 1435-1485*, Santiago de Compostela, Departamento de Historia I, 2008.
- PALLARES MÉNDEZ, M.C.: *El Monasterio de Sobrado: un ejemplo del protagonismo monástico en la Galicia Medieval*, A Coruña, Deputación Provincial, 1979.
- PALLARES MÉNDEZ, M.C.: *Ilduara, una aristócrata del siglo X*, Sada, Seminario de Estudos Galegos-Ediciós do Castro, 1997.
- PALLARES MÉNDEZ, M.C. e E. PORTELA SILVA: *El bajo valle del Miño en los siglos XII y XIII. Economía agraria y estructura social*, Santiago de Compostela, Universidade, 1971.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J.: “San Jorge de Codeseda: un monasterio femenino bajo-medieval”, *Studia Monastica*, 33 (1991), 51-85.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J.: *O mosteiro dos Santos Xusto e Pastor de Toxosoutos na Idade Media (séculos XII-XIII)*, Sada, Seminario de Estudos Galegos-Ediciós do Castro, 2002.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J.: *Os documentos do Tumbo de Toxos Outos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2004.
- PÉREZ RODRÍGUEZ, F.J.: “El éxito historiográfico del Císter en Galicia: una valoración”, en *III Congreso internacional sobre el Císter en Galicia y Portugal. Actas*, Ourense, 2006, 15-36.
- PORTELA SILVA, E.: *La colonización cisterciense en Galicia (1142-1250)*, Santiago de Compostela, Universidade, 1981.

- RECUERO ASTRAY, M.; M. GONZÁLEZ VÁZQUEZ e P. ROMERO PORTILLA: *Documentos Medievales del Reino de Galicia: Alfonso VII (1116-1157)*, Xunta de Galicia, 1998.
- RÍOS RODRÍGUEZ, M.L.: *As orixes do foro na Galicia medieval*, Santiago de Compostela, Universidade, 1993.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, A. e J.A. REY CAÍÑA: “Tumbo de Lorenzana”, *Estudios Mindonienses*, 8 (1992), 11-324.
- RODRÍGUEZ MUÑIZ, V.: *O mosteiro de Santa Cristina de Ribas de Sil na Idade Media*, Ourense, Boletín Avriense, 2010 [Anexo nº 32].
- ROMANÍ MARTÍNEZ, M.: *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense), 1025-1310*, 2 tomos, Santiago de Compostela, Departamento de Historia I, 1989 (a).
- ROMANÍ MARTÍNEZ, M.: *El monasterio de Santa María de Oseira (Ourense). Estudio histórico (1137-1310)*, Santiago de Compostela, Universidade, 1989 (b).
- ROMANÍ MARTÍNEZ, M.; M.J. PORTELA SILVA; M.P. RODRÍGUEZ SUÁREZ e M. VÁZQUEZ BERTOMEU: *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense), 1310-1399*, tomo 3, Santiago de Compostela, Departamento de Historia I, 1993.
- ROMANÍ MARTÍNEZ, M. e P.S. OTERO-PIÑEYRO MASEDA: “Documentación del fondo de Oseira (AHN) relacionada con el Monasterio de San Pedro de Vilanova de Dozón (1015-1295)”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 116 (2003), 27-77.
- ROMANÍ MARTÍNEZ, M. e P.S. OTERO-PIÑEYRO MASEDA: *El antiguo monasterio de Santiago de Ermelo. Estudio, documentación e índices*, Santiago de Compostela, Cuadernos de Estudios Gallegos, 2004 [Monografías, nº 6].
- ROMANÍ MARTÍNEZ, M.; P.S. OTERO-PIÑEYRO MASEDA e M. GARRIDO: *Colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense), 1400-1435*, tomo 4, Santiago de Compostela, Departamento de Historia I, 2003.
- SÁEZ, C. e M.V. GONZÁLEZ DE LA PEÑA: *Galicia. 3. La Coruña. Fondo Antigo (788-1065). 1*, Alcalá de Henares, Universidad, 2003.
- SÁNCHEZ SÁNCHEZ, X.M.: “Unha primeira pedra: documentación inédita de San Xusto de Toxosoutos”, *Compostellanum*, 47 (2002), 413-437.

- VAQUERO DÍAZ, M.B.: *Colección diplomática do mosteiro de San Salvador de Celanova (ss. XIII-XV)*, 4 tomos, Concello de Celanova-Universidade de Vigo, 2004.
- VÁZQUEZ BERTOMEU, M.: *A Igrexa de Santiago contra 1500 (O Libro do Subsídio)*, Noia, Lóstrego, 2003.
- YÁÑEZ NEIRA, D. (coord.): *Monasticon cisterciense gallego*, 2 tomos, León, Cai-xavigo e Ourense-Edilesa, 2000.
- ZARAGOZA I PASCUAL, E.: “Proceso de reforma contra la abadesa de San Salvador de Albeos (1499)”, *Museo de Pontevedra*, 51 (1997), 563-590.
- ZARAGOZA I PASCUAL, E.: “Documentos inéditos sobre la Reforma de los monasterios benedictinos gallegos (1493-1499)”, *Estudios Mindonienses*, 14 (1998), 807-844.
- ZARAGOZA I PASCUAL, E.: “Documentos inéditos sobre la Reforma de los monasterios benedictinos gallegos (1493-1513)”, *Compostellanum*, 44 (1999), 77-103.
- ZARAGOZA I PASCUAL, E.: “Proceso de reforma contra el abad de Samos y Monforte (1498-1499)”, *Estudios Mindonienses*, 16 (2000), 421-465.



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA